

ENFIANDO

TOURIÑO, PESCANOVA E TOURIÑÁN



Texto

Francisco X. Fernández

Naval

Escritor

Foto Jorge Meis

Se a cultura é a manifestación do ser dunha comunidade, a expresión do seu xeito de comprender e de se relacionar co mundo, un suplemento cultural como Nordésia é espazo para falar de calquera cousa que teña que ver connosco: economía, emprego, política, ecoloxía, empresa; ao cabo, todo é cultura.

Estes días estivo en boca de todos o conflito protagonizado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a empresa Pescanova, motivado pola decisión da Consellería, suponse que do goberno galego, de non autorizar a instalación dunha piscifactoría de rodaballo no tómbolo de Touriñán. A cousa non debería ir máis alá do ámbito de preocupación ou de negocio que lle son propios a un caso coma este, que todo ten un lugar e un límite. Pero trascendeu ata se converter en referencia das conversas do día e, para moitos, en modelo de comportamento e de resposta non desexables nunca, en ningún caso, aínda que, se cadra, non eran máis ca un reflectir da crispación na que se instalou ultimamente unha parte da clase política e social. Hoxe a cousa semella ir por bo camiño, o do entendemento e o do diálogo, pero convén falar disto, só sexa por axudar a que non se repitan episodios tan noxentos.

“Construír piscifactorías é necesario, facelo nos tómbolos é económico para as empresas, pero moi caro para o país”

Se o proxecto de instalar unha planta de produción e engorde de rodaballo en Touriñán non tiña aínda todos os permisos, se a competencia para resolver é da Xunta de Galicia e se, esta, logo dun cambio de tanta transcendencia como o que tivo lugar en xullo pasado, decide non autorizar a instalación alí e dá alternativas, a empresa, por boca do seu presidente Manuel Fernández



Arriba, imaxe do faro e costa do cabo Touriñán

de Sousa-Faro debería actuar con prudencia e non proferir ameazas contra o conxunto da sociedade galega, ameazas impropias e que moitos sentimos dirixidas contra cada un de nós: “Se non se poden gañar cartos en Galicia, haberá que ir a outro lado”, din que dixon, antes de anunciar demandas xudiciais. Está ben. Cada un pode dicir con liberdade, pero as advertencias, neste caso, esconden unha alta carga de hipocrisía e de cinismo.

A empresa Pescanova é un dos valores e activos con que conta a sociedade galega actual. Historicamente vencellada á reconstrución do ser do país, cun pé fincado no compromiso e outro na competitividade, defensora dos valores que aconsellaban traballar os produtos propios para desenvolver tamén unha economía propia —lembremos “Galicia como tarefa”, libro escrito polo que fora o seu impulsor e vicepresidente, Valentín Paz-Andrade— é hoxe unha multinacional que navega todos os mares, titular de máis de cen embarcacións, produtora de peixes varios, amais de pizzas e outros ultraconxelados e cun volume de negocio que supera os 999 millóns de euros. Pescanova é empresa importante e referencia obrigada no mundo da alimentación. Digamos que Galicia está orgullosa dela e por iso é xenerosa con ela.

Froito dese orgullo e desa xenerosidade, sabedora tamén dos fondos alicercos que a empresa sempre tivo aquí e do seu compromiso con Galicia, malia a súa globalización, a sociedade galega leva dado moito aos diferentes proxectos do mundo, unhas veces me-

llor e outras peor xestionados, coma o propio país; apoiando, por exemplo, e dende hai anos, a creación dun grupo galego de rodaballo ou recentemente a elaboración de precociñados. Por iso chama a atención e escandaliza, que o presidente da empresa badue dese xeito, cando sabe que a administración galega sempre apostou por eles, ofrecéndolle recursos que eran de todos, xogando tantas veces no límite e apoiando proxectos que non sempre foron adiante.

“A maior empresa galega, o seu maior recurso de futuro, é o seu medio natural”

Construír piscifactorías é necesario, facelo nos tómbolos é económico para as empresas, pero moi caro para o país. O sacrificio da punta dos Remedios en Lira ou do Vilán, non debe supoñer carta branca nin hipoteca para o futuro.

Acertou o presidente Emilio Pérez Touriño, con apelido vencellado ao topónimo do promontorio máis occidental do continente. Cando falou, a súa voz foi a voz de todos, expresando como presidente o que tantos sentimos, afirmando que a maior empresa galega, o seu maior recurso de futuro, é o seu medio natural. Grazas e que todos tomemos nota do antecedente e do exemplo.